



El curioso incidente del perro a media noche

Mark Haddon


Nesta novela, Christopher Boone, un xove autista, descobre nun dos seus paseos nocturnos que alguén asasinou o can da súa veciña. Inmediatamente se interesa polo caso e decide investigalo, seguindo o exemplo dun dos seus heroes, Sherlock Holmes. A Christopher sónlle caer mellor

os animais que as persoas e por iso tomas como un asunto persoal averiguar e denunciar quen matou a Wellington. O gran misterio resólvese cara á metade do libro. Porén, a trama non perde un ápice do seu interese. A resolución do primeiro misterio dá lugar a un moito maior, crucial para a vida do protagonista, e que lle fai embarcarse na maior aventura da súa vida. Pero a maior aventura para un adolescente autista pode ser simplemente comprar un billete de tren para viaxar 300 quilómetros...


El nombre de la rosa

Humberto Eco

Todo comeza unha fermosa mañá de finais de novembro do ano 1327 cando Frei Guillermo de Baskerville, un monxe franciscano e antigo inquisidor, e o seu inseparábel discípulo, o novizo Adso de Melk que é quen relata a historia, acoden a unha abadía beneditina situada no norte da península italiana para tentar esclarecer a morte do xove miniaturista Adelmo da Otranto. Durante a súa estadia na abadía van desaparecendo misteriosamente máis monxes, que son encontrados mortos ao pouco tempo. Lentamente e grazas á información aportada por algúns monxes, Guillermo vai esclarecendo os feitos. O móbil dos crimes parece ser uns antigos tratados sobre a licitude do riso que se encontran na biblioteca do complexo, da cal se di que é a maior do mundo cristián. Quen é o asasino? Que fixeron as súas vítimas para morrer asasinadas? Ninguén o sabe.



Bo Nadal e moitos libros para a todos!



Biblioteca do IES Ramón Menéndez Pidal (Zalaeta)

Rúa M.^a Victoria Fernández de España n.º 2

15002 A Coruña

Tel.: 981 20 30 00

E-mail: jrabade@edu.xunta.es

Visítanos na páxina:



<http://centros.edu.xunta.es/iesramonmenendezpidal/>



Atenda

Boletín da Biblioteca do IES Ramón Menéndez Pidal





Me llamo rojo Orhan Pamuk

O recente premio Nobel Orhan Pamuk (Estambul, 1952) conseguiu con esta obra unha novela total. Á sabeloría da mellor narración histórica únese o ritmo trepidante da novela negra e unha sedutora historia de amor. *Me llamo rojo* introdúcenos no esplendor e na decadencia do Imperio Turco. Viaxamos até o século XVI en que o sultán Murad III desexa inmortalizar a súa figura nun cadro, pero a lei islámica prohibeo. A tentación vence e catro artistas traballarán en segredo, elaborando un libro cheo de imaxes nunca pintadas. Até que un deles desaparece.

As cousas claras

Xosé A. Neira Cruz

Marga visita no hospital a Mon, que se debate entre a vida e a morte. De volta na casa, ten un novo desacordo coa nai, quen, separada e dependente dos tranquilizantes, non soporta nin as ideas nin a forma de vestir da filla. Non se entenden.

A apertura dun sex-shop onda o instituto altera a vida na comunidade educativa. Na clase de literatura de Mon debaten sobre o sexo e ven unha película, que despois se exhibe en proxección pública para que os pais comproben que non é pomografía, como comenta con escándalo a prensa. Daquela dan en aparecer pasquins acusando a Mon de homosexual e corruptor de menores.



Algo pasa en la librería Peter Härtling

Peter Härtling aborda o polémico tema dos abusos a menores, partindo dunha historia bastante cotiá. Jette, unha meniña de once anos que vive con súa nai desde que esta de divorciara do pai, entra un día a facer un encargo á librería do señor Topf. O que en principio ía ser "ola" e "adeus" dá pé a que a pequena comece a sentirse atraída cara ás historias que os libeiros, dous anciáns ratos de biblioteca, lle contan. As súas visitas comezan a ser cada vez máis habituais, e nalgunha delas, o señor Topf e o seu axudante, o señor Pleschke, representan para ela escenas dalgúns libros famosos ou inventan diálogos absurdos e divertidos coa fin de agradar á pequena Jette. Porén, axiña comezan a circular rumores pola veciñanza sobre algo máis que unha relación de amizade entre a meniña e os libeiros.



Relatos de fantasmas

Varios autores

Oito dos escritores de máis sona en temática de misterios son os autores de outros tantos relatos de fantasmas (Arthur Conan Doyle, Washington Irving, Ambrose Bierce...): un viaxeiro que comparte o seu camarote cun zombi; dous recién casados que, cando descubren que unha lenda que se conta é certa, xa é demasiado tarde; un meniño orfo que é visitado por dous fantasmas que intentan axudalo...

Como unha novela

Daniel Pennac

Daniel Pennac é un artista sumamente creativo, que invoca máis que todo a liberdade nos seus textos. Este é un dos seus libros máis famosos en que explora a relación do lector co libro e crítica a pedagogía contemporánea e como se ensina os nenos a ler. Búrlase dos pseudointelectuais que utilizan a lectura para oprimir aos demais. Son famosos os seus 10 dereitos do lector:


1. O dereito a non ler.
2. O dereito a saltar as páxinas en branco.
3. O dereito a non rematar un libro.
4. O dereito a rereer.
5. O dereito a ler calquera cousa.
6. O dereito ao bobarysmo.
7. O dereito a ler en calquera sitio.
8. O dereito a ler ao rebusco.
9. O dereito a ler en voz alta.
10. O dereito a calar.



Un conto de Nadal

Charles Dickens

O protagonista deste famoso conto de Dickens é Ebenezer Scrooge, unha persoa avarenta que non celebra a festa de Nadal a causa da súa solitaria vida e a súa adición ao traballo. Non lle importan os demais, nin sequera o seu abnegado empregado Bob Cratchit, só se importa a si mesmo. Un día, na casa, Scrooge recibe a visita dun espírito misterioso que resulta ser o do seu mellor amigo e socio Jacob Marley que, ao iniciar o relato, morre e posteriormente lle anuncia unha tenebrosa profecía acerca do futuro do avaro e a chegada dos tres espíritos do Nadal. Scrooge non se asusta e desafia a predición. Co tempo aparecen os tres espíritos do Nadal...



Harry Potter y la piedra filosofal

J.K. Rowling

Trátase do primeiro libro da serie de Harry Potter. A historia comeza con Albus Dumbledore, McGonagall e Hagrid que chegan para deixar un meniño, Harry Potter cos seus tíos, os Dursley (Vernon, Petunia e o seu fillo Dudley). Mencionan que o mago tenebroso máis poderoso de todos os tempos, Lord Voldemort, por fin foi derrotado, pero levou dúas vítimas: James e Lily Potter (os pais de Harry). Din que tamén quixo matar a Harry, pero por algún estraño motivo, sobreviviu e Voldemort desapareceu. Porén, quedoulle un sinal: unha cicatriz na testa. Mentras Harry crece, os seus tíos muggles (persoas non máxicas) nunca lle din que é un mago, nin que seus pais o eran. Dinlle que seus pais morreron nun accidente de coche. Harry é tratado durante anos como un servente.

Memorias de Idhún. La resistencia

Laura Gallego García

É a primeira parte dunha historia chea de fantasía, acción, maxia, amor... O día en que se produciu en Idhún a Conxunción Astral dos tres soles e das tres lúaas, Ashran o Nigromante fíxose co poder naquel planeta. En Limbhad, un guerreiro e un mago exiliados de Idhún formaron a Resistencia, a que pertencen tamén Jack e Victoria, dous adolescentes nados na Terra. O obxectivo do grupo é acabar co reinado das serpentes aladas, pero Kirtash, un xove despiadado e asasino, enviado por Ashran á Terra, non llo vai permitir...



Cando petan na porta pola noite

Xavier P. Docampo

Reúnense catro historias de medo co desexo de que o lector sexa tamén dono do seu propio medo e as faga súas, para contalas tamén, a xeito de transmisor oral, continuando o fío da literatura tradicional popular. Na primeira historia un home, perdido na noite, vai dar a unha ferraría, onde só está o dono, que é fisicamente igual a el salvo que non ten a pálpebra do ollo esquerdo. Beben, acaban pelexando e o ferreiro féreo nun ollo: xa son iguais. Mátao o viaxeiro... Na segunda, tres das vítimas dunha vella moi ruín decidiron darlle un escarmento e acabaron matándoa a golpes. Cando

foron queimar o seu corpo a un forno abandonado, nun momento dado incorporouse, anunciando que se vingaría do que lle dera co pau na fronte. E así dúas historias máis, que atrapan ao lector desde a primeira páxina.